



**Asunto:** Aprobación definitiva de Aprobación do Plan Económico Financeiro

**Orixe do desequilibrio:** Liquidación do Orzamento do ano 2018 do grupo Concello de Vigo

**Causa excepcional xeradora do desequilibrio:** Resolución do contrato por concurso de Acredores da Sociade Pazo de Congressos de Vigo, SA, auto ditado polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra en Vigo

**Órgano de tutela financeira:** Consellería de Facenda da Xunta de Galicia

**Solicitude:** Aprobación definitiva do Plan

### 1.- Antecedentes

Como consecuencia da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra de gasto en relación coa Liquidación do Orzamento do ano 2018, o informe emitido polo Sr. Interventor Xeral pon de manifesto o incumprimento de ambos obxectivos.

O orixe dos desequilibrios xorden da imputación ao Orzamento do ano 2018 dun gasto de 35.214.290,04 euros, que ven determinado polo auto ditado polo Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra en Vigo de resolución do contrato de Concesión de Obra Pública Pazo de Congressos.

Sen prexuízo das operacións de tipo administrativo, xurídico, económico e orzamaentario que se veñen desenvolvendo dende a entrega do inbobile ao Concello, unha vez que se constata oficialmente o desequilibrio, procédese a formación e tramitación do marco legal aplicable a devandita situación.

Por Resolución do Sr. Alcalde Presidente de data 13 de febreiro, iníciase o expediente de formación, tramitación e aprobación do PEF en relación coa Liquidación do ano 2018.

Coa mesma data, por Resolución do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, encárgase á Dirección de Orzamentos e Contabilidade, acumuladas ás funcións de Tesouraría, a formación do PEF.

Con data 14 e 22 de febreiro, o Director de Orzamentos, asina o PEF.

Con data 14 e 22 de febreiro, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, formula proposta para a súa aprobación e remisión para informe do Sr. Interventor Xeral.

Con data 15 de febreiro, o Sr. Interventor Xeral, emite informe favorable ao PEF presentado, para o período 2019/2020.

Con data 19 de febreiro, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, aproba o PEF do Grupo Concello de Vigo, na que partindo da Liquidación do ano 2018, co orzamento aprobado e en vigor para o ano 2019, así como o previsto para o ano 2020, tendo en conta todos os criterios de execución aplicables e os índices de recadación que figuran no PEF, proxectouse a Liquidación dos anos 2019/2020, dando en todos os casos cumprimento aos obxectivos de estabilidade e de regra de gasto.





CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 60/142

Tamén se acredita, que se dará cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, tanto da débeda financeira que é CERO, como da débeda comercial, xa que o Grupo representa un cociente de tesouraría ( Tesouraría/Acredores orzamentarios + non orzamentarios ), do 2,76%, é dicir, liquidez pura, non se computa os dereitos pendentes de cobro.

Tamén se proxectou o cálculo do Aforro neto e do Remanente de Tesouraría, sendo todos positivos ao peche previsto do ano 2019.

Na plataforma do Ministerio de Facenda, (PEFEL2), figura incorporado o PEF con todos os requerimentos, sempre partindo da situación dun PEF sen medidas, por estar acreditado que o incumprimento ten causa nun feito excepcional, non recorrente nin proxectable.

## 2.- Indices aplicable.

En relación cos índices aplicables á execución do estado de gastos, verificáronse os dos 3 últimos anos, e previuise unha execución de entre 2 e 3 puntos por encima do ano de maior execución.

En canto ao ingreso, colleuse o ano de menor recadación nos capítulos 1, 2 e 3 e o de menor liquidación nos restantes capítulos computables.

Os criterios aplicados dan un grao de certeza moi alto, por non dicir absoluto.

Hai cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto para o marco temporal do Plan.

## 3.- Aprobación

O PEF aprobouse pola Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda en sesión do 20 de febreiro, que previamente se someteu á Xunta de Goberno Local en sesión do 19 de febreiro.

Sometido á decisión do Pleno na sesión do 27 de febreiro, mesma sesión na que se deu conta da Liquidación do Orzamento do 2018 e do informe de incumprimento dos obxectivos de estabilidade e de regra de gasto aprobados para o ano 2018.

## 4.- Documento enviado

Sen prexuízo da información que figura na plataforma do MINHAC, (PEFEL2), remítese o expediente completo, constando a seguinte documentación:

Inicio de expediente.

Encargo da formación.

Redacción do Plan.

Proposta.

Informe de Intervención.

Acordo da Xunta de Goberno Local.





CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 60/142

Ditame da Comisión informativa.

Acordo plenario de aprobación.

Solicitude de aprobación.

#### 5.- Solicitude de aprobación

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 23.4, da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, as EE.LL tuteladas pola súa respectiva CCAA deberán cumprir cos requisitos de comunicación fehaciente que fixe este órgano para a aprobación definitiva do PEF.

En consecuencia, tendo o carácter formal de aprobación deste Plan, que tal en como fai constar a Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), no seu Informe complementario para as entidades locais obxecto de análise individual publicado o 29 de xaneiro de 2019, *señalando que se encuentra recogida la valoración realizada por la AIReF al Ayuntamiento de Vigo, en el cual se prevé que no cumpla ni el objetivo de estabilidad ni la regla de gasto correspondientes a 2018 por efecto de la imputación al ejercicio de la operación concursal del auditorio de la ciudad.*

*En 2019 no se aprecia riesgo de incumplimiento del objetivo de equilibrio en ninguna de las 24 CC.LL., sin embargo, en 2018, el Ayuntamiento de Vigo incurrirá en déficit por efecto de una operación no recurrente.... Es el caso del Ayuntamiento de Vigo, que ha aplicado al cierre de 2018 la totalidad del importe del proceso concursal derivado de la concesión del auditorio de la ciudad, situación que no se replicará a futuro y que le supone incurrir en déficit en el ejercicio cerrado, pero no tiene impacto en años sucesivos.*

Solicítase a aprobación do PEF, facendo constar os criterios empregados en termos de recursos e empregos na proxección dos mesmos.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Director superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación por Resolución de 19/06/2015)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/06/2019 10:24

Páxina 3 de 3

Expediente 60/142

CSV: 21E5C8-BFC6BF-88B142-7TVZB9-4U6AVK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>